

Para garantir o servizo e o cumprimento das medidas de seguridade

EROSKI REFORZOU OS SEUS EQUIPOS CON MÁIS DE 2.700 PERSOAS DENDE O COMEZO DO ESTADO DE ALARMA

- Boa parte das contratacións dirixíronse aos equipos de tendas, loxística e servizo *online*
- Dende mediados de marzo ata finais de abril incorporáronse á empresa 1.413 persoas que non tiveran vinculación laboral con EROSKI
- Nese período recrutáronse de novo 1.292 persoas que traballaran anteriormente na empresa de xeito temporal
- Arredor de 800 persoas que decote realizan o seu labor en sede tamén deron apoio aos equipos de tenda durante estes meses

Elorrio, 27 de maio do 2020.- Desde que a mediados de marzo se decretou o estado de alarma ata finais de abril, [EROSKI](https://www.eroski.es) reforzou os seus equipos con 2.705 persoas co fin de garantir a calidade do servizo e o axeitado cumprimento das medidas de prevención necesarias ante a emerxencia sanitaria.

Do total das contratacións, boa parte incorporáronse á sección de loxística, que durante este período incrementou notablemente a súa actividade para asegurar a axeitada subministración aos puntos de venda; ás tendas, como reforzo dos equipos; e ao negocio *online*, que aumentou a súa capacidade en ata un 80% durante o último mes e medio.

Algo máis da metade dos reforzos, concretamente 1.413, son contratos de persoas que non tiveran vinculación laboral con EROSKI anteriormente. As outras 1.292 incorporacións corresponden a persoas que xa traballaran na empresa de xeito temporal noutras ocasións.

Reforzo interno ás tendas

Ademais, arredor de 800 persoas que forman parte do persoal das sedes sociais da compañía trasladáronse a traballar ás tendas. A maioría destas persoas incorporáronse como reforzo na reposición de produtos. Xa que logo, aqueles cun posto non definido como actividade crítica nestas circunstancias excepcionais da crise sanitaria, pasaron a reforzar puntualmente a actividade dos supermercados e hipermercados co fin de asegurar a subministración e aprovisionamento do mellor xeito aos consumidores. Esta maneira de actuar responde ao particular modelo de empresa que é EROSKI como cooperativa, onde os traballadores, que asemade son donos, contan cunha arraigada cultura da solidariedade e da cooperación.

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[**Sala de prensa online**](#)